



NOTA DE PRENSA

O Concello de Boiro inaugurará o luns a ruta cicloturística das praias

Data: luns, 5 de xullo
Lugar: Peirao de Cabo de Cruz
Hora: 18:30

O vindeiro luns, 5 de xullo ás 18:30 horas inaugurarase a ruta cicloturística das praias. Esta ruta é unha das cinco que forman a rede de itinerarios cicloturísticos do Concello de Boiro. Esta ruta é circular, con inicio e fin no peirao de Cabo de Cruz, é de 17 km. e ten un tempo estimado de percorrido de unha hora e media. A ruta une as praias de Carragueiros, A Retorta e Mañóns, e ó seu paso atopamos interesantes recursos turísticos. As catro rutas restantes inauguraránse no vindeiro mes de agosto. A rede de itinerarios foi financiada totalmente pola Deputación Provincial.

Na inauguración estarán o Alcalde de Boiro, Xosé Deira; a Concelleira de Turismo, Francisca Suárez; o deputado, Xan Cabo, deputado da área de Asistencia e cooperación cos concellos; e María Ramos, xerente de Aresta Ingeniería, empresa encargada da execución deste traballo. Os tres últimos farán o percorrido en bicicleta. A eles tamén se unirá a concelleira de Deportes, Dores Torrado.

Convidamos a todos os cidadáns a participar nesta marcha de inauguración da ruta.

A marcha está organizada por Ricardo Riveiro, presidente do Club Ciclista Barbanza; colaboran Coca- Cola e Daniel Ríos.

Boiro, 2 de xullo de 2010

Gabinete de prensa